

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA INIBIC, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO: "NOVAS ESTRATEXIAS TERAPÉUTICAS CONTRA O MICRO AMBIENTE TUMORAL NO CANCRO COLORRECTAL"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade **DECLARA**

- Que o Presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos formalizou o día 18 de marzo de 2025 coa Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura por un período de catro anos.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"materializar e regular a colaboración entre as partes para o desenvolvemento do proxecto de investigación titulado: "Novas estratexias terapéuticas contra o micro ambiente tumoral no cancro colorrectal"*.

A finalidade do proxecto de investigación é comprender o micro ambiente tumoral no cancro colorrectal que inclúe principalmente células tumorais, células inmunitarias e outros factores solubles. É dicir, entender como funciona a degradación de proteínas en células do sistema inmune, incluídos os macrófagos, asociados ao cancro de colon e deseñar novas estratexias terapéuticas que, en combinación con terapia convencional, axude a facer crónica a enfermidade e a aumentar a supervivencia dos/das pacientes con cancro de colon."

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que: *"O INIBIC está composto polos grupos de Investigación do Hospital, da Universidade e da área de Atención Primaria de A Coruña, coa finalidade de crear un marco de colaboración estable, que integre a investigación básica e clínica desenvolvida, posibilitando unha transferencia á sociedade máis eficaz dos avances científicos obtidos no diagnóstico, prevención e tratamento*



das enfermidades.

Un dos proxectos de investigación levados a cabo dende o instituto denomínase “Novas estratexias terapéuticas contra o micro ambiente tumoral no cancro colorrectal” [...]

O proxecto ten ditame favorable do Comité de Ética da Investigación de A Coruña – Ferrol do 17.06.2024. Para o desenvolvemento do proxecto o equipo de investigación precisa de mostras de sangue denominadas Buffy-Coats.

A buffy coat é o concentrado plaquetario (capa leucocitaria) preparado a partires de capas leucocitarias procedentes de diversas unidades de sangue total.

Para o proxecto a ADOS facilitará ás persoas responsables do estudo unicamente aqueles buffys coats remanentes que non se vaian a empregar na preparación de unidades de plaquetas procedentes de persoas doadoras que firmasen o consentimento informado de ADOS no momento da doazón.”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

